

A atención do Comité de Empresa de Telefónica da Coruña

De: Comité de Empresa de Extel A Coruña

Tras o Expediente de Regulación de Emprego presentado pola nosa empresa, Extel, dirixímonos a vós, solicitando o voso apoio e solidariedade.

Este despedimento colectivo que a empresa pretende levar a cabo afecta a 355 traballadoras/es en todo o estado, sendo 205 na nosa cidade.

A medida que a empresa pretende levar a cabo na nosa plataforma, supón que o 58% do volume de despedimentos serán en A Coruña, afectando ao 25% do persoal do centro.


Segundo a información achegada pola dirección da empresa, o suposto descenso de chamadas produciríase na ZONA NORTE, principal servizo que se presta desde o noso centro de traballo.

Consideramos que esta medida é totalmente inxustificada, polo que solicitamos a vosa solidariedade en todas as direccións posibles:

- Solicitud de explicacións á dirección de Telefónica do motivo polo que van levar a cabo a destrución de tantos postos de traballo
- Apoio público das mobilizacións convocadas polo Comité de Extel A Coruña
- Difusión do Conflicto que estamos a padecer

Este xoves día 6 de outubro, coincidindo co paro de 24 horas que afecta a todo o sector de telemarketing, debido ao bloqueo na negociación do noso convenio colectivo, convocamos unha manifestación que partirá ás 20:00 horas da tenda de Movistar de Ramón e Cajal. Solicitamos a vosa participación, apoio e difusión.

Recibide un cordial saúdo en nome de todos os integrantes deste Comité de Empresa.



David Doural Sexto
Presidente Comité